

* No DOG nº 81, do 29-4-1992:

-Nas páxinas 3.618, 3.619, 3.620 e 3.621 suprimense os seguintes postos de traballo:

FARMACÉUTICO TITULAR DE ABEGONDO
FARMACÉUTICO TITULAR DE AMES
FARMACÉUTICO TITULAR DA BAÑA
FARMACÉUTICO TITULAR DE BOIRO
FARMACÉUTICO TITULAR DE BOQUEIXÓN
FARMACÉUTICO TITULAR DE CABANAS-ARES
FARMACÉUTICO TITULAR DE CAMARIÑAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE CAMBRE
FARMACÉUTICO TITULAR DE CEDEIRA
FARMACÉUTICO TITULAR DE CERCEDA
FARMACÉUTICO TITULAR DE CORCUBIÓN
FARMACÉUTICO TITULAR DE FENE
FARMACÉUTICO TITULAR DE FISTERRA
FARMACÉUTICO TITULAR DE FRADES
FARMACÉUTICO TITULAR DA LARACHA
FARMACÉUTICO TITULAR DE MANÓN
FARMACÉUTICO TITULAR DE MAZARICOS
FARMACÉUTICO TITULAR DE MIÑO-VILARMAIOR
FARMACÉUTICO TITULAR DE MOCHE
FARMACÉUTICO TITULAR DE MUGARDOS
FARMACÉUTICO TITULAR DE MUIROS
FARMACÉUTICO TITULAR DE NEGREIRA
FARMACÉUTICO TITULAR DE OLEIROS
FARMACÉUTICO TITULAR DE OROSO
FARMACÉUTICO TITULAR DE OUTES
FARMACÉUTICO TITULAR DE OZA DOS RÍOS-CESURAS
FARMACÉUTICO TITULAR DO PINO
FARMACÉUTICO TITULAR DAS PONTES-A CAPELA
FARMACÉUTICO TITULAR DE PORTO DO SON
FARMACÉUTICO TITULAR DE ROIS
FARMACÉUTICO TITULAR DE SOBRADO
FARMACÉUTICO TITULAR DE SOMOZAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE TORDOIA
FARMACÉUTICO TITULAR DE TOURO
FARMACÉUTICO TITULAR DE ZAS

-Nas páxinas 3.639, 3.640 e 3.641 suprimense os seguintes postos de traballo:

FARMACÉUTICO TITULAR DE ABADÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DE ALFOZ
FARMACÉUTICO TITULAR DE BARALLA
FARMACÉUTICO TITULAR DE BARREIROS
FARMACÉUTICO TITULAR DE BEGONTE
FARMACÉUTICO TITULAR DE BOVEDA
FARMACÉUTICO TITULAR DE CARBALLEDO
FARMACÉUTICO TITULAR DE CASTRO DE REI
FARMACÉUTICO TITULAR DE CASTROVERDE
FARMACÉUTICO TITULAR DO CORGO
FARMACÉUTICO TITULAR DE COSPEITO
FARMACÉUTICO TITULAR DA FONSGRADA
FARMACÉUTICO TITULAR DE FRIOL
FARMACÉUTICO TITULAR DE GUTIRIZ
FARMACÉUTICO TITULAR DO INCIO
FARMACÉUTICO TITULAR DE LOURENZÁ
FARMACÉUTICO TITULAR DE MEIRA-RIBEIRA DE PIQUÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DE MONDOVEDO
FARMACÉUTICO TITULAR DE MONTERROSO
FARMACÉUTICO TITULAR DE MURAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE NAVIA DE SUARNA
FARMACÉUTICO TITULAR DAS NOGAIS
FARMACÉUTICO TITULAR DE OUROL
FARMACÉUTICO TITULAR DA PASTORIZA
FARMACÉUTICO TITULAR DA PONTENOVA
FARMACÉUTICO TITULAR DE PORTOMARÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DE RÁBADE
FARMACÉUTICO TITULAR DE RIORTORTO
FARMACÉUTICO TITULAR DE SAMOS
FARMACÉUTICO TITULAR DE SARRIA
FARMACÉUTICO TITULAR DO Saviño
FARMACÉUTICO TITULAR DE TRIACASTELA
FARMACÉUTICO TITULAR DO VALADOURO
FARMACÉUTICO TITULAR DO VICEDO
FARMACÉUTICO TITULAR DE VILALBA
FARMACÉUTICO TITULAR DE VIVEIRO
FARMACÉUTICO TITULAR DE XERMADE
FARMACÉUTICO TITULAR DE XOVE

-Nas páxinas 3.663, 3.664, 3.665 e 3.666 suprimense os seguintes postos de traballo:

FARMACÉUTICO TITULAR DE AMOEIRO
FARMACÉUTICO TITULAR DE BANDE-LOBEIRA-VEREA
FARMACÉUTICO TITULAR DE BAÑOS DE MOLGAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE BOBORÁS
FARMACÉUTICO TITULAR DO BOLO
FARMACÉUTICO TITULAR DE CALVOS DE RANDÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DE CARTELLE
FARMACÉUTICO TITULAR DE CASTRELO DE MIÑO
FARMACÉUTICO TITULAR DE CASTROCALDELAS-A TEIXEIRA
FARMACÉUTICO TITULAR DE CELANOVA
FARMACÉUTICO TITULAR DE CENLLE
FARMACÉUTICO TITULAR DE CUALEDRO
FARMACÉUTICO TITULAR DO ENTRIMO
FARMACÉUTICO TITULAR DA GUDIÑA
FARMACÉUTICO TITULAR DO IRIXO
FARMACÉUTICO TITULAR DE LAZA-CASTRELO DO VAL
FARMACÉUTICO TITULAR DE LEIRO-BEADE
FARMACÉUTICO TITULAR DE LOBIOS
FARMACÉUTICO TITULAR DE MANZANEDA
FARMACÉUTICO TITULAR DE MASIDE-PUNXÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DE MELÓN-CARBALLEDA DE AVIA
FARMACÉUTICO TITULAR DA MEZQUITA
FARMACÉUTICO TITULAR DE MONTEDERRAMO
FARMACÉUTICO TITULAR DE MONTERREI
FARMACÉUTICO TITULAR DE PADRENDA
FARMACÉUTICO TITULAR DE PORQUEIRA
FARMACÉUTICO TITULAR DE PONTEDEVA

FARMACÉUTICO TITULAR DE QUINTELA DE LEIRADO
FARMACÉUTICO TITULAR DE RAIUZ DE VEIGA
FARMACÉUTICO TITULAR DE RAMIRAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE RIBADAVIA
FARMACÉUTICO TITULAR DE RÍOS
FARMACÉUTICO TITULAR DE RUBIÁ
FARMACÉUTICO TITULAR DE TRASMIRAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE VILAMARÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE VILARDEVÓS
FARMACÉUTICO TITULAR DE XUNQUEIRA DE AMBÍA

-Nas páxinas 3.689, 3.690 e 3.691 suprimense os seguintes postos de traballo:

FARMACÉUTICO TITULAR DE ARBO
FARMACÉUTICO TITULAR DE BARRO
FARMACÉUTICO TITULAR DE CALDAS DE REIS
FARMACÉUTICO TITULAR DE CAMPO LAMEIRO
FARMACÉUTICO TITULAR DE CATOIRA
FARMACÉUTICO TITULAR DE CERDEDO
FARMACÉUTICO TITULAR DE COTOBADE
FARMACÉUTICO TITULAR DE CRECENTE
FARMACÉUTICO TITULAR DE DOZÓN
FARMACÉUTICO TITULAR DE MUGAREI
FARMACÉUTICO TITULAR DE FORNELLOS
FARMACÉUTICO TITULAR DE LALÍN
FARMACÉUTICO TITULAR DA LAMA
FARMACÉUTICO TITULAR DE MOANA
FARMACÉUTICO TITULAR DE MONDARIZ-MONDARIZ BALNEARIO
FARMACÉUTICO TITULAR DE MORANA
FARMACÉUTICO TITULAR DE MOS
FARMACÉUTICO TITULAR DAS NEVES
FARMACÉUTICO TITULAR DE PONTE-CALDELAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE REDONDELA-PAZOS DE BORBÉN
FARMACÉUTICO TITULAR DE RODEIRO
FARMACÉUTICO TITULAR DE SALCEDA DE CASELAS
FARMACÉUTICO TITULAR DE SANXENXO
FARMACÉUTICO TITULAR DE TOMIÑO
FARMACÉUTICO TITULAR DE VALGA-PONTECESURES

CÓDIGO-DESCRIPCIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS
AXG ADSCRIPCIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.
CÓDIGO-DESCRIPCIÓN DE CORPO/ESCALA
1.2.11 CLASE DE FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SAÚDE PÚBLICA.

CONSELLERÍA DE SANIDADE (LEI 4/1988)

Na vixente relación de postos de traballo da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (Sergas), publicada no DOG nº 117, do 19-6-2002, realízase a seguinte modificación:

Persoal laboral

AMORTIZACIÓNS:

* Na páxina 9.401, no centro de destino COMPLEXO HOSPITALARIO XERAL CÍES (VIGO), suprimese o posto SA.S99.40.101.36560.007.AUXILIAR SANITARIO

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

1. Viveiro é un municipio situado á beira do mar Cantábrico. A súa poboación supera lixeiramente os 15.000 habitantes, cifra esta que se triplica en época estival. Conta con tres núcleos urbanos que son: Viveiro, principal poboación da Mariña Lucense; Covas, núcleo residencial e estival, e Celeiro, porto pesqueiro e comercial, un dos principais do Cantábrico. Conta con 7 km de praias e calas todas elas na denominada ría de Viveiro. A súa rede fluvial

está formada por 52 ríos e regatos, destacando entre todos eles o río Landro.

Trátase dun territorio especialmente fráxil que encerra singulares valores paisaxísticos, ambientais e ecolóxicos, como pon de manifesto a existencia no termo municipal de varios espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG nº 69, do 12 de abril) e recollidos na Decisión da Comisión Europea de data do 7-12-2004, publicada no DOCE do 29-12-2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica, como son:

-A totalidade da súa costa, fóra dos núcleos urbanos, está incluída no espazo Costa da Mariña Occidental.

-O río Landro.

-A serra do Xistral.

Tamén conta cun espazo denominado Souto da Retorta, recollido nas normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Lugo, sito á beira do río Landro, onde se atopa a masa forestal de eucaliptos máis antiga de Europa.

Existen tamén no municipio varios elementos que gozan da consideración legal de Bens de Interese Cultural ao amparo do establecido na Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, así como na Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia:

-Conxunto arqueolóxico da Igrexa e o Convento de San Francisco (Decreto 2507/1975, BOE nº 254, do 23 de outubro).

-Igrexa de San Pedro (Decreto 2833/1974, do 30 de agosto, BOE nº 240, do 7 de outubro).

-Mosteiro de Nosa Señora de Valdeflores (Elemento declarado polo Decreto 809/1980, BOE nº 107, do 3 de maio; Contorno declarado polo Decreto 27/1999, DOG nº 31, do 16 de febreiro).

-Murallas de Viveiro, Porta de Carlos V, Porta do Cristo, Porta do Valado (inscritos no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural do Patrimonio Histórico Español por resolución da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Histórico do Ministerio de Cultura, o 17 de outubro de 1994).

2. O planeamento vixente no termo municipal é o documento de revisión das normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986. A normativa deste documento non foi publicada no BOP, incumprindo o disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

A ordenación detallada do solo urbano que se contén no anterior documento foi modificada, posteriormente, mediante varios plans especiais como o «plan especial de reforma interior do sector A de Covas»,

aprobado definitivamente o 28 de setembro de 1989 pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo (CPU), que tampouco foi publicado; o «plan especial de reforma interior de Xunqueira», aprobado definitivamente pola CPU o 27 de xaneiro de 1993, que, así mesmo, non foi publicado; o «plan especial de reforma interior e protección do Convento de Valdeflores», aprobado definitivamente pola CPU en data do 21 de marzo de 1995, do que unicamente se publicou o acordo de aprobación, pero non a normativa; e o «plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga», aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997, do que a normativa foi publicada no BOP de Lugo nº 233, do 10 de outubro.

O solo rústico e os núcleos rurais están regulados nun documento de adaptación das normas subsidiarias de planeamento á Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia. O dito documento foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en data do 2 de setembro de 1997, en exercicio das competencias delegadas pola comunidade autónoma segundo a Lei 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo, e publicado no BOP nº 284, do 1 de novembro de 1997. O documento contou cunha azarosa tramitación: a Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo mediante Resolución do 5 de xuño de 1990 suspende a aprobación definitiva do documento que lle é sometido á súa consideración, ordenando introducir nel varias correccións; o novo documento modificado, tras ser sometido a novo informe preceptivo e vinculante da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, é aprobado polo Concello de Viveiro cando xa está en vigor unha nova lexislación urbanística autonómica -a Lei 1/1997, do solo de Galicia-, á que non se adaptaba.

Ademais, no acordo plenario de aprobación definitiva do documento anterior, o concello decide aprobar tamén a delimitación dunha serie de núcleos rurais novos, co argumento de que, no seu día, foron recoñecidos pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo. En decembro de 2003 comunícaselle ao concello a viabilidade da elaboración dun documento refundido onde se recollan tanto os núcleos do documento de adaptación á Lasga, como os incorporados no acordo plenario. O dito documento refundido é remitido polo concello de Viveiro ao Servizo Provincial de Urbanismo e Inspección Territorial de Lugo en data do 26 de xaneiro de 2003. Varios dos núcleos recoñecidos neste documento sono sobre solo clasificado como urbanizable nas normas aprobadas en 1978, producindo unha modificación na clasificación do solo sen que se seguise o procedemento legalmente establecido para iso.

Como consecuencia do anterior, existe unha grande inseguridade xurídica respecto do planeamento actualmente en vigor en Viveiro, derivada da existencia de sucesivos documentos que van modificando parcialmente outros anteriores e que na súa meirande

parte non cumpriron os requisitos legalmente establecidos para a súa entrada en vigor.

3. O ordenamento xurídico que no seu momento deu cobertura ao actual planeamento municipal -principalmente o texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real decreto 1346/1976 e a Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia- sufriu unha profunda transformación tanto a nivel estatal como autonómico co paso dos anos, polo que o contido e determinacións do plan resultan incompatibles coa lexislación urbanística vixente -a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Lei 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións-, circunstancia que se considera especialmente relevante no caso de Viveiro, dado que se trata dun municipio que encerra singulares valores paisaxísticos, ambientais, ecolóxicos e culturais que demandan dunha singular protección e preservación.

A execución do planeamento actualmente existente en Viveiro dá lugar á plasmación dun modelo territorial incompatible coa preservación dos valores naturais e a defensa do patrimonio cultural do municipio e cun desenvolvemento sustentable do territorio, o que afecta directamente as competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e do litoral, e o urbanismo, atribuídas polo artigo 27.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e as potestades autonómicas atribuídas polos artigos 85.7º, 89.1º e 227 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Especial relevancia cobra neste suposto a regulación contida no último parágrafo do artigo 85.7º da citada norma, que establece que a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa de 500 metros desde a ribeira do mar afecta os intereses autonómicos, que é o caso de Viveiro.

4. A clasificación e a regulación das distintas clases de solo no planeamento actualmente existente en Viveiro están totalmente obsoletas e non se adecúan ao disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nin na Lei 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións, polo que urxe a súa revisión e a súa adaptación aos novos criterios de clasificación de solo, así como aos límites de sustentabilidade e aos estándares de calidade de vida e cohesión social recollidos na lexislación urbanística actual.

A clasificación do solo urbano debe ser revisada para excluír as áreas vacantes situadas nos bordos do perímetro urbano que non reúnen os requisitos exixidos polo artigo 11 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, especialmente no que se refire á existencia da existencia de malla urbana.

Asemade, o planeamento vixente non distingue entre o solo urbano consolidado e o non consolidado e unha parte significativa dos terreos clasificados

como solo urbano non reúnen as condicións establecidas no artigo 12 a) da Lei 9/2002. No réxime do solo urbano non consolidado deben incluírse non só os ámbitos das unidades de actuación delimitadas (subunidades urbanas na terminoloxía das normas), senón tamén os terreos nos que son necesarias obras de urbanización, actuacións de reforma interior ou renovación urbana (ámbitos dos plans especiais de reforma interior ou de protección aprobados que non finalizaron o proceso de equidistribución e cesión), obtención de novas dotacións urbanísticas, xusta distribución de cargas e beneficios entre os propietarios, os ámbitos sobre os que o planeamento urbanístico ten prevista unha ordenación substancialmente diferente da realidade preexistente, así como os ámbitos nos que a ordenación detallada se realice mediante plan especial de reforma interior ou mediante estudo de detalle.

Como consecuencia da falta de consideración como solo urbano non consolidado, dos ámbitos a que se refire o parágrafo anterior estase privando aos cidadáns do seu dereito a un medio urbano de calidade que cumpra os límites de sustentabilidade e as reservas mínimas de solo para dotacións públicas e para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, de conformidade co establecido na Lei 9/2002. Especialmente grave resulta este feito se se ten en conta que os ámbitos dos plans especiais de reforma interior aprobados exceden con moito os límites de sustentabilidade actualmente en vigor.

A delimitación dos núcleos rurais non se adecúa aos criterios establecidos polo artigo 13 da Lei 9/2002; existen grandes espazos baleiros de edificación que se prolongan ao longo das estradas e camiños. As determinacións contidas na ordenanza correspondente da normativa resultan incompatibles co réxime xurídico do solo de núcleo rural previsto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Especialmente grave resulta a clasificación como solo urbanizable de ámbitos sitios no bordo litoral costeiro e nas inmediacións do espazo natural do río Landro e as súas marismas, xa que presentan evidentes valores naturais, ambientais e paisaxísticos merecedores de protección. A práctica totalidade dos ámbitos clasificados como solo urbanizable no actual planeamento están incluídos en espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril, ou son lindantes con eles. Se a isto engadimos a previsión de índices de edificabilidade de uso residencial superiores a 1 m²/m², pódese concluír que a execución da ordenación contida no planeamento actual provocaría unha total degradación ambiental do territorio, totalmente inxustificable e incompatible co desenvolvemento territorial sustentable.

A clasificación e categorización do solo non urbanizable ou rústico tampouco se adecúa á lexislación urbanística actualmente en vigor -a Lei 9/2002, de

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, e a Lei estatal 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións-, polo que deben ser revisadas na súa totalidade, así como no que respecta ás condicións de uso e de edificación, de xeito que se acade a necesaria preservación do contorno privilexiado do termo municipal.

5. Ao anterior hai que engadir a ausencia dun modelo de desenvolvemento urbano coherente. A ordenación existente no solo urbano non ten en conta a tipoloxía edificatoria preexistente, provocando unha mestura desordenada de tipoloxías, agravada polo feito de que no ámbito de aplicación dunha mesma ordenanza se recolle a posibilidade de adoptar distintas tipoloxías edificatorias. Así, no ámbito da ordenanza residencial pechada intensiva, pódese substituír a ordenación pechada por outra aberta, e no ámbito das ordenanzas residencial aberta e parque urbanizado, pódese optar por unha tipoloxía de vivenda colectiva ou illada. Ao anterior cómpre engadir que no ámbito de aplicación dunha mesma ordenanza, a altura da edificación pode oscilar ata catro plantas (ordenanza residencial aberta). Esta indefinición do modelo territorial provoca tamén unha tremenda inseguridade xurídica, da que dificilmente pode xustificarse o seu mantemento.

6. Así mesmo, á ausencia dun catálogo de elementos para protexer no planeamento actual engádeselle a omisión de aplicación das áreas de protección dos elementos recollidos no inventario de patrimonio cultural das normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Lugo.

7. Ao exposto anteriormente debe engadirse a ausencia de calquera previsión relativa ao sistema xeral de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos, que segundo a lexislación actual non pode ser inferior a 15 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial; así como polo que se refire ao sistema xeral de equipamentos, que non pode ser inferior a 5 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.

Están previstas no municipio novas infraestruturas de grande entidade como é a variante de Viveiro incluída no proxecto de vía de alta capacidade Ferrol-Barreiros, actualmente pendente do trámite ambiental, que non se recollen nas normas subsidiarias actuais.

8. O artigo 96 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que co acordo de suspensión aprobarase a ordenación provisional que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e estará vixente con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo planeamento.

A ordenación provisional redactouse atendendo aos seguintes criterios:

a) No solo urbano respéctanse as licenzas concedidas antes do inicio do expediente de suspensión do planeamento, sempre que sexan conformes co ordenamento xurídico vixente no momento do seu outorgamento.

No solo urbano consolidado o criterio seguido é o de permitir, con carácter xeral, a edificación unifamiliar illada ata que se aprobe o novo planeamento, que deberá estudar a trama urbana existente e establecer as novas tipoloxías edificatorias permitidas en coherencia con estas, de conformidade co establecido no artigo 46.1º da Lei 9/2002. Non obstante, no ámbito do plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga, mantéñense as condicións de uso e edificación aprobadas. Así mesmo, naqueles ámbitos nos que existe unha ordenación consolidada entre medianeiras, permítese a edificación dos soares vacantes coa altura media das dúas edificacións lindantes.

A ordenación urbanística do solo urbano non consolidado é función que corresponde ao futuro plan xeral de ordenación municipal, no que deberán incorporarse os límites de edificabilidade e as reservas mínimas de solo para dotacións públicas e para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, de conformidade co establecido na Lei 9/2002.

b) No que respecta ao solo de núcleo rural respéctanse as delimitacións dos núcleos rurais contidas no documento de adaptación das normas subsidiarias de planeamento á Lei 11/1985, aprobado definitivamente en data do 2-9-1997. As condicións de uso e edificación aplicables serán as establecidas nos artigos 24 e seguintes da Lei 9/2002.

c) Os terreos que as normas subsidiarias de planeamento clasificaron como solo non urbanizable quedan sometidos aos correspondentes réximes de especial protección establecidos na Lei 9/2002, en función dos valores naturais, paisaxísticos, culturais, forestais ou de protección do dominio público que concorren. Tamén se someten a este réxime do solo rústico os terreos clasificados como solo urbanizable, agás o ámbito do Plan Parcial de Lavandeiras e Lodeiros, aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo en data do 25 de febreiro de 1994, no que se mantén a ordenación aprobada.

9. Na tramitación do expediente de suspensión cumpríuse o procedemento establecido no artigo 96 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Conferido trámite de audiencia ao Concello de Viveiro, cómpre sinalar que este non presenta nin-

gunha alegación en canto á motivación da suspensión, senón que as súas alegacións refírense exclusivamente á ordenación urbanística proposta. Como consecuencia do estudo detallado destas, que se reflicte no correspondente informe que consta no expediente, introducíronse as seguintes modificacións á proposta inicial:

-Modifícase a redacción da ordenación provisional para que non exista dúbida respecto do mantemento da vixencia do Plan especial de protección e reforma da zona antiga, en todo o seu ámbito.

-Introdúcese unha nova ordenanza de solo urbano consolidado de media densidade, que permite a edificación dos soares que se atopen situados entre edificacións construídas entre medianeiras, en tramos de fachada consolidados pola edificación cunha altura media igual ou superior a tres plantas.

-Recóllese a previsión do parque empresarial de Landrove contida no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta do 27-5-2004.

10. De canto antecede só pode concluírse que concorren circunstancias obxectivas que determinan a necesidade de atallar as consecuencias indesexables que derivan da aplicación da ordenación establecida polas actuais normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, e de proceder á urxente revisión do planeamento para elaborar unha nova ordenación que se adapte integramente ao ordenamento xurídico vixente e que garanta un desenvolvemento urbanístico sustentable.

Na súa virtude, de conformidade co disposto polo artigo 96 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de acordo co ditame da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, a proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de vinte e dous de xuño de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Suspéndese, para a súa revisión, de conformidade co disposto polo artigo 96 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, aprobadas en data do 29 de abril de 1986 con todas as súas modificacións, así como o documento de adaptación destas á Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, aprobado definitivamente o 2 de setembro de 1997. Así mesmo, suspéndese a vixencia de todos os instrumentos de ordenación urbanística aprobados no seu desenvolvemento.

Artigo 2º

Apróbase a ordenación provisional que se insire no anexo deste decreto, que estará vixente no municipio de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

Disposición adicional

Facúltase a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para ditar cantas resolucións resulten necesarias para a debida execución e aplicación deste decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e dous de xuño de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

ANEXO

Ordenación provisional: normas e ordenanzas reguladoras

1. Solo urbano consolidado.

1.1. Ámbito de aplicación.

As ordenanzas que de seguido se establecen serán de aplicación aos terreos clasificados como solo urbano nas normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986, que merezan a condición de soares ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida por esta ordenación urbanística, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación e construción.

Para estes efectos, enténdese que son soares edificables as parcelas que, no momento da entrada en vigor desta ordenación provisional, cumpren os requisitos establecidos no artigo 16.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e no artigo 19 das vixentes normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais, aprobadas por orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, do 3 de abril de 1991.

Considéranse como obras accesorias de escasa entidade as de acondicionamento da vía na fronte da parcela e as de acometida ás redes de servizos existentes na fronte da parcela.

Quedarán excluídos do ámbito de aplicación do solo urbano consolidado os ámbitos nos que resulta

de aplicación a regulación relativa ao solo urbano non consolidado, contida no punto 2 da vixente ordenación provisional. En ningún caso terán a consideración de solo urbano consolidado as parcelas que non dean fronte á vía pública pavimentada no momento da iniciación do expediente de suspensión do planeamento.

1.2. Condicións xerais de edificación.

1.2.1. De conformidade co sinalado no artigo 46.6º da Lei 9/2002, para a determinación da superficie edificable total permitida pola ordenanza respectiva, computaranse todas as superficies edificables de carácter lucrativo, calquera que sexa o uso ao que se destinen, incluídas as construídas no subsolo e os aproveitamentos baixo cuberta, coa única excepción das construídas no subsolo con destino a trasteiros de superficie inferior a 10 metros cadrados vinculados ás vivendas do edificio, aparcadoiros e instalacións de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

1.2.2. As alturas máximas permitidas nas distintas ordenanzas mediranse no centro de todas as fachadas, desde a rasante da vía pública á que dá fronte a parcela ou da rasante natural do terreo en contacto coa edificación, ata o plano inferior do último forxado.

1.2.3. Permítese a construción de semisotos que non sobresaian máis dun metro en calquera das rasantes do terreo en contacto coa edificación. Tamén se permiten a construción de ata dous sotos sempre que non sobresaian en ningún punto da rasante natural do terreo en contacto coa edificación.

Non se permitirá a ocupación en planta baixo rasante fóra da proxección vertical das plantas superiores sobre rasante.

1.2.4. As aliñacións e rasantes da vía pública serán as establecidas nos planos de ordenación, das normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986. Naqueles casos en que non se fixen, manteranse as aliñacións consolidadas e a rasante actualmente existente.

1.2.5. Prohíbese a apertura de novas vías non existentes no momento da entrada en vigor desta ordenación provisional, así como a ampliación e urbanización das vías existentes.

1.2.6. As edificacións e construcións cumprirán as condicións de adaptación ao ambiente establecidas no artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as condicións establecidas nos artigos 15, 16, 17 e 18 das vixentes normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais, aprobadas definitivamente por Orde do 3 de abril de 1991, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

1.3. Ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro.

1.3.1. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é aplicable aos terreos incluídos no ámbito territorial do «plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga», aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997.

1.3.2. Condicións de edificación e usos.

As condicións de edificación e a regulación de usos serán as recollidas na normativa do documento do «plan especial de protección e de reforma interior da zona antiga», aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997, que foi publicada no BOP de Lugo nº 233, do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

1.4. Ordenanza de solo urbano de baixa densidade.

1.4.1. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación aos terreos clasificados como solo urbano nas normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986, que cumpran os requisitos sinalados no punto 1.1 da presente ordenación provisional, para a súa consideración como solo urbano consolidado, agás aqueles nos que resulte de aplicación outra ordenanza.

1.4.2. Condicións específicas de edificación.

a) Tipoloxía: edificación de vivenda unifamiliar illada.

b) Parcela mínima: 300 metros cadrados.

c) Fronte mínimo de parcela: 12 metros.

d) Ocupación máxima da parcela pola edificación: 200 metros cadrados.

e) Recuamento mínimo: 3 metros a todos os lindes da parcela.

f) Altura máxima: planta baixa e unha planta alta, cun máximo de 7 metros.

g) As cubertas das edificacións estarán formadas por planos inclinados sen quebraduras dos seus faldróns e prohíbense as mansardas e outros volumes sobre os faldróns de cuberta, permitíndose unicamente chemineas. A pendente máxima permitida será de 45 graos sesaxesimais medidos desde o plano superior do último forxado, cunha altura máxima de cumieira de 4 metros.

Permítese o aproveitamento baixo cuberta para uso residencial sen alterar as condicións xeométricas establecidas neste apartado.

1.4.3. Usos.

O uso principal será o residencial en vivenda unifamiliar. Tamén se permitirán, sempre que resulten compatibles co uso residencial, os seguintes usos: hostaleiro, comercial, artesanal, oficinas, espectáculos públicos e actividades recreativas, sociais, culturais, deportivos, relixiosos, docentes, sanitarios, asistenciais, garaxes e servizos do automóbil.

1.5. Ordenanza de solo urbano de media densidade.

1.5.1. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación aos terreos clasificados como solo urbano nas normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986, que cumpran os requisitos sinalados no punto 1.1 desta ordenación provisional, para a súa consideración como solo urbano consolidado, e se atopen situados entre edificacións construídas entre medianeiras, en tramos de fachada consolidados pola edificación cunha altura media igual ou superior a tres plantas.

Para os efectos de determinar a altura media do tramo de fachada serán de aplicación os criterios establecidos no artigo 99 do Regulamento de planeamento urbanístico.

1.5.2. Condicións específicas de edificación.

a) Tipoloxía: edificación entre medianís formando cuarteiróns pechados de uso característico residencial en vivenda colectiva.

b) Parcela mínima: 200 metros cadrados.

c) Fronte mínimo a vía pública: 12 metros.

d) Fondo máximo edificable: 18 metros en todas as plantas.

e) A edificación deberá construírse coa liña de fachada sobre a aliñación exterior e encostarse ás extremas laterais.

f) Altura máxima: a altura máxima permitida, en número de plantas, será a media das alturas das dúas edificacións lindantes. No caso de que a diferenza de altura sexa de solo unha planta, a altura máxima permitida será a da edificación lindante de menor altura.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, só se poderán ter en consideración as edificacións legalmente executadas.

A correlación entre o número máximo de plantas permitido e a altura de cornixa en metros, será o seguinte:

2 plantas: 7 metros.

3 plantas: 11 metros.

4 plantas: 14 metros.

5 plantas: 17 metros.

6 plantas: 20 metros.

7 plantas: 23 metros.

g) As cubertas das edificacións estarán formadas por planos inclinados sen quebraduras dos seus faldróns e prohíbense as mansardas e outros volumes sobre os faldróns de cuberta, permitíndose unicamente chemineas. A pendente máxima permitida será de 45 graos sesaxesimais medidos desde o plano superior do último forxado, cunha altura máxima de cumieira de 4 metros.

Permítese o aproveitamento baixo cuberta para uso residencial sen alterar as condicións xeométricas establecidas neste punto.

h) Voos: non se permitirán corpos voados pechados sobre as vías ou espazos públicos. Unicamente se permiten galerías ou balcóns coas seguintes condicións:

-Que estean a unha altura maior de 3,60 metros por enriba da rasante da rúa, medidas desde o punto máis desfavorable.

-Que se separen da parede medianeira un mínimo de 1 metro.

-Nas rúas de largo inferior a 8 metros non se permiten.

-Nas rúas con largo superior a 8 metros, os saíntes poden acadar 1/20 do largo da rúa, non podendo exceder a dimensión dun metro.

1.5.3. Usos.

O uso principal será o residencial. En planta baixa e primeira alta, tamén se permitirán, sempre que resulten compatibles co uso residencial, os seguintes usos: hostaleiro, comercial, artesanal, oficinas, espectáculos públicos e actividades recreativas, sociais, culturais, deportivos, relixiosos, docentes, sanitarios, asistenciais, garaxes e servizos do automóbil.

2. Solo urbano non consolidado.

2.1. Ámbito de aplicación.

A presente ordenación será de aplicación aos terreos clasificados como solo urbano na normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986, que non estean incluídos no ámbito de aplicación do solo urbano consolidado ao que se fai referencia no anterior punto 1 desta ordenación provisional.

Considéranse incluídos no solo urbano non consolidado os seguintes ámbitos:

a) Ámbitos de solo urbano que reúnan as condicións da letra b) do artigo 12 da Lei 9/2002.

b) O ámbito do plan especial de reforma interior de Xunqueira, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data do 27-1-1993.

c) O ámbito do plan especial de reforma interior e protección do Convento de Valdeflores, aprobado definitivamente en data do 21-3-1995.

d) Os terreos que non reúnan a condición de soar no momento da iniciación do expediente de suspensión do planeamento.

2.2. Condicións específicas.

Neste ámbito non se permiten novas edificacións e só poderán executarse as obras de construción amparadas en licenza urbanística outorgada con anterioridade ao inicio do expediente de suspensión do planeamento, sempre que sexan conformes co ordenamento xurídico vixente no momento da concesión e non transcorresen os prazos de caducidade da licenza.

3. Zonas verdes e espazos libres públicos.

3.1. Ámbito de aplicación.

Comprende os terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo o 29-4-1986, e do planeamento de desenvolvemento aprobado; así como as parcelas de solo urbano consolidado situadas en Covas, entre a estrada LU-862 e o mar, que non se atopen edificadas á data do acordo de iniciación do expediente de suspensión.

3.2. Ordenación.

O único uso permitido é o de zona verde e espazo libre de uso e dominio público e as instalacións apropiadas para a expansión e recreo da poboación como son áreas de xogos ao aire libre, plantación, axardinamento, lugares acondicionados para o descanso, quioscos de música, etc.

As posibles construcións que se realicen en cada zona verde non poderán ocupar máis do 5% da superficie do parque nin superar a altura máxima de 3 metros.

4. Equipamentos e dotacións.

4.1. Ámbito de aplicación.

Comprende os terreos cualificados como equipamentos ou dotacións segundo os planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento ou en calquera outro instrumento de planeamento de desenvolvemento aprobado; así coma os equipamentos e dotacións públicas existentes no momento da entrada en vigor desta ordenación provisional, aínda que non estean reflectidos nos planos de ordenación.

4.2. Condicións de edificación.

Serán de aplicación as mesmas condicións de edificación establecidas na presente ordenación provisional que resulten de aplicación aos terreos do contorno.

5. Sistema viario.

5.1. Ámbito de aplicación.

Será de aplicación:

a) Ás estradas de titularidade estatal, autonómica e local, incluídas as súas zonas de afección.

b) Ao sistema viario reflectido nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal e nos plans de desenvolvemento aprobados que se manteñen en vigor.

5.2. Réxime de protección.

Será de aplicación o establecido no artigo 106 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como a lexislación vixente en materia de estradas.

En todo caso, prohíbese a apertura de novas vías, rúas ou camiños, así como a urbanización ou a ampliación dos existentes, sen prexuízo do establecido na lexislación aplicable ás estradas de titularidade estatal ou autonómica.

Cando se trate de terreos clasificados como solo rústico ou non urbanizable, será de aplicación o réxime establecido para o solo rústico de especial protección de infraestruturas que inclúe o dominio público e os terreos contiguos ata a liña límite de edificación.

6. Sistema xeral portuario.

6.1. Ámbito de aplicación.

O ámbito desta ordenanza será o dominio público portuario.

6.2. Ordenación.

A ordenación do ámbito portuario realizarase mediante o correspondente plan especial de ordenación formulado pola autoridade portuaria, segundo o establecido na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e na lexislación de portos.

Mentres non sexa aprobado o plan especial unicamente poderán realizarse construcións e instalacións directamente vinculadas coa actividade portuaria, sendo de aplicación as normas de aplicación directa establecidas nos artigos 104 e 105 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. En todo caso, a superficie total ocupada pola edificación non poderá superar o 35% do ámbito territorial portuario.

7. Solo de núcleo rural.

7.1. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación da presente ordenanza serán os núcleos rurais delimitados no documento «Adaptación das normas subsidiarias de planeamento municipal á Lei do solo de Galicia e modificacións», do que emitiu informe o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, en data do 31 de xullo de 1997, con carácter previo á súa aprobación definitiva, e ao que se refire o punto segundo do acordo do Pleno do Concello de Viveiro de data do 2 de setembro de 1997.

Non se aplica a presente ordenanza aos núcleos rurais aos que se refire o punto primeiro do devandito acordo e que se delimitan no documento denominado «Adaptación das normas subsidiarias de planeamento municipal á Lei do solo de Galicia e modificacións (núcleos adicionais) de data xullo 1998».

7.2. Condicións de edificación.

Para edificar no ámbito desta ordenanza será de aplicación o establecido nos artigos 24 a 29, 104 e 171 a 173 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, coas seguintes particularidades:

a) Parcela mínima edificable: 600 metros cadrados.

b) Fronte mínimo de parcela: 12 metros.

c) Só serán edificables as parcelas con fronte á vía pública asfaltada existente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non se permite a segregación ou división de parcelas nin serán edificables as parcelas procedentes de segregacións ou divisións realizadas despois da entrada en vigor da Lei 15/2004, de modificación da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

d) A superficie total ocupada en planta pola edificación non poderá superar os 120 metros cadrados.

e) Altura máxima: planta baixa e unha planta alta, cun máximo de 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta.

f) Recuamentos mínimos: recuamento frontal mínimo de 5 metros; 3 metros aos restantes lindeiros, sen prexuízo das limitacións establecidas pola lexislación sectorial de aplicación en materia de estradas.

g) Tipoloxía edificatoria: vivenda unifamiliar illada.

h) Só se permitirá unha vivenda en cada parcela.

i) A nova edificación deberá situarse a unha distancia inferior a 50 metros doutra vivenda existente

con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

7.3. Condicións específicas para as edificacións tradicionais.

No suposto de edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico existentes no ámbito de aplicación desta ordenanza, permitiranse obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio orixinario nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir as condicións de edificación do punto 7.2.

7.4. Usos.

O uso característico das edificacións será o de vivenda unifamiliar. Ademais, nas condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permitiranse os usos hostaleiro, comercial, artesanal, oficinas, espectáculos públicos e actividades recreativas, sociais, culturais, deportivo, relixioso, docente, sanitario, asistencial e garaxe.

8. Solo urbanizable.

8.1. No ámbito do Plan parcial de Lavandeiras e Lodeiros, aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo en datas do 25 de febreiro de 1994, resultan de aplicación as condicións de uso e edificación contidas no documento aprobado e na modificación puntual a este aprobada polo Concello de Viveiro, en data do 21 de marzo de 2003.

8.2. Mantense a clasificación como solo urbanizable non delimitado de uso industrial do ámbito do parque empresarial de Chavín. As condicións para o seu desenvolvemento mediante o correspondente plan de sectorización son as recollidas na modificación puntual aprobada definitivamente por Orde do 30 de xuño de 2005, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

8.3. Nos restantes terreos clasificados polas normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro como solo urbanizable será de aplicación a ordenanza de solo rústico especialmente protexido da presente ordenación provisional.

9. Solo rústico especialmente protexido.

9.1. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza será de aplicación:

-Aos terreos clasificados no documento de adaptación á Lei de solo de Galicia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, aprobado definitivamente en data do 2-9-1997, como solo non urbanizable internuclear en calquera das súas categorías, así como o solo non urbanizable especialmente protexido.

-Aos terreos clasificados como solo urbanizable no documento de revisión das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro, aprobado definitivamente pola CPU en data do 29-4-1986, así como nas modificacións puntuais a este, agás o ámbito do Plan Parcial de Lavandeiras e Lodeiros, aprobado definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo en data do 25 de febreiro de 1994 e do solo non urbanizable de uso industrial para parque empresarial en Chavín.

-Aos núcleos rurais delimitados no documento denominado «Adaptación das normas subsidiarias de planeamento municipal á Lei do solo de Galicia e modificacións (núcleos adicionais) de data xullo 1998», aos que se refire o punto primeiro do acordo do Pleno do Concello de Viveiro de data do 2 de setembro de 1997.

-Aos terreos situados nunha franxa de 200 metros de largo desde o límite dos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG nº 69, do 12 de abril), calquera que sexa a clasificación de solo que lles outorguen as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro.

9.2. Condicións de uso e edificación.

As condicións de uso e edificación aplicables no ámbito da presente ordenanza serán as establecidas nos artigos 31 a 44 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas seguintes particularidades:

a) A ocupación máxima en planta das novas edificacións non poderá superar os 200 metros cadrados.

b) En todo caso, prohíbense as novas edificacións destinadas a usos residenciais e industriais.

É necesario solicitar a autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal en solo rústico ou non urbanizable para a totalidade dos usos e actividades, agás os sinalados nos números 1 b), 1 c) e 2 i) do artigo 33 da Lei 9/2002.

10. Edificacións existentes.

10.1. Edificacións en situación de fóra de ordenación.

As edificacións e instalacións amparadas na preceptiva licenza urbanística municipal que foron outorgadas con anterioridade ao inicio do expediente de suspensión do planeamento, sempre que sexan conformes co ordenamento xurídico vixente no momento da concesión e resulten desconformes con esta ordenación provisional, quedarán sometidos ao réxime de fóra de ordenación.

Dentro da situación de fóra de ordenación, distínguese:

a) As construcións e instalacións só parcialmente incompatibles con esta ordenación provisional: serán

aquelas nas que a situación de fóra de ordenación é consecuencia unicamente de non axustarse ás condicións de parcela mínima, altura e número de plantas, superficie e volume máximo edificables, distancias mínimas a lindeiros e ocupación permitida, segundo o establecido na presente ordenación provisional. Nelas poderanse autorizar obras de mellora ou reforma, así como o cambio de uso sempre que se trate dun uso permitido na correspondente ordenanza. Porén, non caben obras de ampliación da superficie construída segundo a licenza.

b) E as construcións e instalacións en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións da presente ordenación provisional: son todas as demais que non se axustan á presente ordenación provisional e non poden considerarse incluídas na anterior letra a). Nestas construcións e instalacións só poden autorizarse obras de simple conservación, mantendo o uso existente.

10.2. Edificacións ilegais.

No caso de construcións realizadas sen a preceptiva licenza urbanística municipal, sen axustarse ás condicións da licenza, ou con licenza anulada, deberán adoptarse as medidas necesarias para a plena restauración da legalidade urbanística, segundo o establecido na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Se xa transcorre o prazo para a acción de reposición da legalidade urbanística non se poderán realizar outras obras que as pequenas reparacións exixidas por razóns de seguridade e hixiene e, en ningún caso, as de consolidación, aumento do valor ou modernización, nin cambio de uso.

No caso de edificacións ilegais en solo rústico, aplicarase o establecido na disposición transitoria quinta da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

11. Ordenanza de protección do patrimonio.

Esta ordenanza resulta de aplicación, con independencia da clase de solo na que se encontren, aos elementos recollidos no anexo 3 -inventario de patrimonio cultural-, no que se refire ao termo municipal de Viveiro, das vixentes normas complementarias e subsidiarias de planeamento da provincia de Lugo, así como ás áreas de protección destes que a continuación se definen.

As áreas de protección destes elementos estarán constituídas por unha franxa cunha profundidade medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe de:

a) 50 metros, cando se trate de elementos etno-gráficos inventariados.

b) 100 metros, cando se trate de elementos de arquitectura relixiosa, arquitectura civil e arquitectura militar.

c) 200 metros, cando se trate de restos arqueolóxicos.

Dentro das áreas de protección sinaladas, calquera actuación urbanística, precisará do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante.

12. Parque empresarial de Landrove.

A actuación relativa ao parque empresarial de Landrove recollida no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta do 27-5-2004 (DOG nº 134, do 13 de xullo), mantense nos termos recollidos no devandito plan sectorial; debendo desenvolverse mediante o correspondente proxecto sectorial segundo o establecido no Decreto 80/2002, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

13. Expedientes en tramitación.

As licenzas e os procedementos de aprobación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística en tramitación no momento da iniciación do expediente de suspensión da vixencia das normas subsidiarias de planeamento de Viveiro deberán resolverse de conformidade coa ordenación urbanística provisional establecida neste decreto.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de xuño de 2006 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos de artes plásticas e deseño, por ciclo completo e oferta modular, e de estudos superiores de deseño en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais das artes plásticas e o deseño, entre outros.

As ensinanzas superiores de deseño foron implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia no ano académico 2005-2006, como consecuencia da promulgación do Decreto 207/2005, do 14 de xullo, polo que se transforman as escolas de arte da comunidade autónoma en escolas de arte e superiores de deseño.

Así mesmo, co propósito de acadar un perfil profesional cualificado, o Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas, co precedente dunha ampla e antiga tradición artesá nas artes e nos oficios, pretende que

a formación nas artes, na ciencia, na técnica e no uso das tecnoloxías garanta a permanencia e a flexible adecuación destes estudos ás necesidades e demandas sociais.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros públicos xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remata o ensino secundario obrigatorio e as diferentes modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ensinanzas artísticas diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

En consecuencia, e de acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Actualizar a oferta educativa dos ciclos formativos de artes plásticas e deseño, por ciclo completo e oferta modular, e dos estudos superiores de deseño, a partir do curso 2006-2007, nos centros relacionados no anexo, que serán cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 65% para gastos de funcionamento e de profesorado.

Segundo.-A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as, non cuantificándose para estes efectos o alumnado repetidor. Con esta finalidade abrírase un período de solicitude de matrícula que se establecerá nas resolucións anuais que regulen o acceso e admisión a estes estudos.

A condición da ratio mínima exixida debe poñerse en coñecemento do alumnado no momento da solicitude de matrícula.

Un número menor de alumnos exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para poñer en funcionamento estas ensinanzas; mentres non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar ningunha matrícula.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a secretaría xeral para adoptaren as medidas necesarias para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria